

## AXUDAS DO PROGRAMA FEDER-INNTERCONECTA (ANO 2016)

**Organismo convocante:** Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)

**Convocatoria:** [BOE 29 de abril de 2016](#) (Núm. 103)

**Bases:** [BOE 2 de outubro de 2013](#) (Núm. 236)

**Modificación Bases:** [BOE 30 de decembro de 2014](#) (Núm. 315)

**Beneficiarios:** Agrupacións de empresas cos requisitos seguintes:

- entre 2 e 6 empresas independentes, das cales unha será grande ou mediana e outra será unha PEME
- ningunha delas pode superar o 70% do orzamento total financiable
- unha das empresas grandes ou medianas actuará como representante da agrupación

As agrupacións rexeranse por un documento contractual que as regule.

**Prazo:** remata o **20 de xuño de 2016, as 12.00h. do mediodía hora peninsular**

**Actividades subvencionables:**

- Proxectos de desenvolvemento experimental, na modalidade de cooperación.
- Temáticas: Saúde, cambio demográfico e benestar; Seguridade e calidade alimentarias; actividade agraria productiva e sostible, recursos naturais, investigación mariña e marítima; Enerxía segura, eficiente e limpa; Transporte intelixente, sostible e integrado; Acción sobre o cambio climático i eficiencia na utilización de recursos e materias primas; Cambios e innovacións Sociais; Economía e sociedade dixital; Seguridade, protección e defensa.

**Características da convocatoria:**

- Dotación orzamentaria: 50 millóns de euros, para o período 2016-2018
- Axudas en forma de subvención, en réxime de concorrencia competitiva
- Intensidade da axuda máxima: entre o 40 e o 60%, en función do custe financiable, das características do beneficiario e das dispoñibilidades orzamentarias (artigo 40, Bases)
- Axudas cofinanciadas con fondos FEDER (no marco do Programa Operativo de Crecemento Intelixente 2014-2020).
- Axuda incompatible coa percepción de calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade

**Condições dos proxectos:**

- Plurianuais: a súa duración será de 2-3 anos (como máximo ata 31/12/2018).
- Deben ter un orzamento financiable mínimo de 1.000.000€ e un máximo de 4.000.000€.
- Só se financiarán as actividades que se desenvolvan nas seguintes CC.AA.: Andalucía, Canarias, Castilla-La Mancha, Extremadura, Galicia, Murcia, Ceuta e Melilla.

**Conceptos subvencionables:**

- Persoal
- Adquisición de equipamento, instrumental e material necesario.
- Adquisición de material funxible, suministros e produtos similares

- Investigación contractual, coñecementos técnicos e patentes (adquisición ou licenzas), consultoría e servizos equivalentes.
- Informe de auditoría (max. 2000€ / beneficiario /anualidade)

**Subcontratación (de actividade investigadora):**

- Debe estar acreditada na memoria técnica
- Poderán acadar ata o 50% do orzamento financiable do beneficiario que contrata
- Na solicitude debe recollerse na ficha descritiva que figura como [Anexo III](#) na convocatoria
- Cando o importe exceda do 20% da axuda concedida e sexa superior a 60.000€, deberá obrigatoriamente subscribirse un contrato que será enviado ao CDTI para a súa autorización.
- Non son obrigatorias, pero as subcontratacións con Universidades, Centros Públicos de I+D e Centros Tecnolóxicos e de apoio á Innovación Tecnolóxica suporán ata 3 puntos (sobre 100) no proceso de avaliación.

**¡Atención! O prazo para a presentación do Anexo III na Oficina finalizará o 15 de xuño de 2016.**

**Presentación de solicitudes:** realizarase a través da [sede electrónica do CDTI](#), e presentarse xunto coa documentación requirida (artigo 8.6)

**Máis información en:**

**Oficina de I+D (OTRI)**

[Convocatorias colaborativas e contratos de I+D](#)

otri3@uvigo.es

986 81 38 96

**CDTI**

[FEDER Innterconecta 2016](#)

---

**Este resumen elaborouse a efectos meramente informativos. Calquera información dubidosa debe ser contrastada no boletín oficial correspondente á convocatoria referenciada**